

1er PARCIAL

“O UNIVERSO E O SISTEMA SOLAR”

1. Cita o nome de 6 corpos celestes e define 3 deles.
2. Que unidades se utilizan para medir as distancias no Universo?
3. a) Explica a Teoría de Copérnico e cita o nome que recibe e o século no que apareceu.
b) Como se chama a outra teoría?
4. a) Compoñentes do Sistema Solar.
b) Que é o Sol?
5. a) Define galaxia. A cal pertencemos nós?
6. a) Como se chaman as agrupacións artificiais de estrelas?
b) Identifica os seguintes corpos celestes: Alfa-Centauro, Osa Maior, Tritón, Libra, Halley, Andrómena.

“O PLANETA TERRA”

1. Explica os dous movementos da Terra e di a que dan lugar.
2. a) En que se parecen os días 21 de Marzo e o 23 de Setembro?
Que nome reciben?
Que sucede eses dous días do ano?
b) En que se diferencian os días 21 de Xuño e 22 de Decembro?
Que nome reciben?
Que suceden eses dous días do ano?
3. a) A que se deben as eclipses?
b) Cando hai eclipse de Sol? E de Lúa?
4. Cita, en orde, as fases da Lúa.
5. a) Que son as mareas?
b) Que nome reciben?
c) Cantas veces se producen nun día?

“A ATMOSFERA TERRESTRE”

1. a) Compoñentes da atmosfera.
b) Capas da atmosfera.
2. De que depende a temperatura do aire?
3. Que é a humidade?
4. a) Como se chama a forza exercida polo aire debido á atracción gravitatoria?
b) En que unidade se mide?
5. a) Como se chama o estado da atmósfera nun momento e lugar determinado?
b) Que indican as borrascas? E os anticiclóns?
6. a) Como se orixina o vento?
b) Defíneo.
7. a) Que son as isobaras?
b) Cal é a presión normal ao nivel do mar?
8. a) Que son as nubes?
b) Como se forman?

“A HIDROSFERA TERRESTRE”

1. Como é a distribución da auga na Terra?
2. Explica os estados e en que forma podemos encontrar a auga da Terra.
3. Cita 4 propiedades da auga.
4. Cita os 4 procesos que se producen no ciclo da auga.
5. Que nome reciben os movementos da auga nos océanos.